Rías Baixas

memoria exercicio 2004

Queridos/as amigos/as:

Son moitas as razóns polas que temos que felicitármonos. Para comenzar gustaríame destaca-la vendima histórica do 2004 con 22.768.665 Kg de uva, que deu como resultado unha anada excelente, froito do traballo e do esforzo dun sector que amosou a súa profesionalidade e solidaridade durante unha campaña abundante.

Facemos historia na viticultura galega ó traballar man a man como sector, a pesares das nosas diferencias individuais. Por eso, coa nosa aposta común, convertímonos nun referente sectorial; nun exemplo a seguir por outros. Nos últimos anos do século XX, esta Denominación de Orixe conseguía realizar unha revolución agraria en Galicia, significada por diferente fitos: o asentamento da poboación, a creación de emprego, a revalorización da superficie agraria útil, a promoción no exterior, a inversión de capital externo, a potenciación do I+D+i tanto en enoloxía como en viticultura, a captación de man de obra profesional de fora, o reemplazo xeneracional...

Feitos como estes engrandécenos como sector profesional, pero lémbrannos que ainda quedan moitos retos por acadar. Hai tres ou catro anos preocupabámonos por ter colleitas estables, que nos permitiran servir a tódolos nosos mercados. Agora non só conseguimos que as colleitas sexan estables, senón que medramos ata límites insospeitados e co traballo conxunto estamos abrindo mercados por todo o mundo, onde os viños de Rías Baixas son sinónimo de calidade. Os datos de producción son bos, pero sobre todo se temos en conta que no 2004 calificamos case o dobre de viño que no ano 2001. Estas cifras amósanos que a Denominación de Orixe Rías Baixas medra de forma estable e progresiva, nun momento no que o sector vitivinícola do vello mundo atravesa un periodo de incertidume cara o futuro.

Agora, os viticultores e as adegas de la Denominación de Orixe evolucionaron e deben afrontar novos retos, caracterizados pola calidade do seu producto. O sector debe aunar esforzos en pro da calidade da uva, porque ésta é a base fundamental dos nosos viños. Debemos apostar pola profesionalización do sector e por aquelas prácticas que melloren a nosa materia prima, como son os clareos de acios, a poda de acios en verde... Se traballamos nesta liña seguiremos a colleitar éxitos e recoñecementos dentro e fora das nosas fronteiras.

Tamén quero destacar que a seriedade e o esforzo deste Consello Regulador soubo auna-lo traballo de diferentes administracións estatais, autonómicas, rexionais e locais en beneficio do sector. Proxectos como a investigación clonal e a campaña de promoción dos nosos viños nos Estados Unidos... son algúns dos retos para este milenio.

María Soledad Bueno Berrio-Ategortúa
Presidenta do Consello Regulador D.O. Rías Baixas

CONSELLO REGULADOR DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS

PRESIDENTE

Dna. María Soledad Bueno Berrio-Ategortúa

Presidenta Consello Regulador D.O. Rías Baixas

VICEPRESIDENTE

D. José Manuel Cores Tourís

Vicepresidente Consello Regulador D.O. Rías Baixas

VOCAIS TÉCNICOS

D. José Ramón Meiriño González

D. Gerardo Zugasti Enrique

Vocais Técnicos do Consello Regulador D.O. Rías Baixas

SECTOR VITICULTOR

D. José Araujo Peña

D. José Arosa Castro

D. José Antonio Domínguez Padín

D. Jorge Valentín Freijanes Morales

D. Francisco Javier Martínez Serantes

D. José Manuel Ruibal Martínez

D. Angel Suárez Vicente

Compoñentes sector viticultor Consello Regulador D.O. Rías Baixas

SECTOR VINÍCOLA

D. Fernando Bandeira García

D. Xosé Ramón Durán Martínez

D. Juan Gil González de Careaga

D. Juan Narvaiza Echaurre

D. Luis Rodríguez Balsa

D. Isidoro Serantes Serantes

D. José Simón Ferro

D. Juan A. Vázquez Gancedo

Compoñentes sector vinícola Consello Regulador D.O. Rías Baixas

ORGANIGRAMA DO CONSELLO REGULADOR D.O. RÍAS BAIXAS



Cuestión de calidade

Nacidas dunha necesidade de protección industrial das marcas, as denominacións cubren hoxe un amplo espacio normativo en defensa da calidade

O nacemento das Denominacións de Orixe está vinculado desde o principio ás cuestións de calidade. Apareceron no entorno industrial a finais do século XIX como unha necesidade de protección de productos específicos fronte á competencia.

No campo alimentario, pouco a pouco vaise explicitando como unha tradición de respeto ós procesos de elaboración tradicionais, nas diversas zonas xeográficas.

Nas páxinas seguintes podemos ver o nacemento e desenrolo dun concepto decisivo para o sector.

Pero a calidade dun producto con Denominación de Orixe non é só a peza clave dun sistema de explotación comercial, é tamén un compromiso individual adquirido por tódolos membros do sistema. Todos eles teñen unha participación directa nos procesos de calidade.

Transmitir ese compromiso é trascendental para a identificación final do consumidor co producto. A confianza dos consumidores é o motor da demanda e conseguir esa confianza é trascendental nun momento de mercados globais e saturados de productos.

Son tempos de marketing, pero un marketing capaz de transladar ós consumidores potenciais o complexo camiño que conduce á unha calidade diferenciada e garantizada polo Consejo Regulador da DO Rías Baixas.

O camiño legal das denominacións de orixe no dereito

"Unión de Paris"

A historia das Denominacións de Orixe é relativamente recente, xa que data de finais do século XIX.
A necesidade de actuar contra as falsas indicacións de procedencia dos productos levou a iniciativa de constituir unha "Unión General para la Protección de la Propiedad Industrial", tomada no contexto da "Exposición Internacional de Paris" de 1878.
A instancias desa institución foi asinado en 1883 o chamado "Convenio de la Unión de París para la Propiedad Industrial". Tratábase, básicamente, dun cadro de sancións administrativas contra os fraudes en torno á procedencia de productos comerciais.

"Arreglo de Madrid" / "Estatuto del Vino"

As disposicións iniciais contidas no "Convenio de París" foron sucesivamente revisados e adaptados ós distintos países, entre eles España. No chamado "Arreglo de Madrid", de 1891, concrétase a represión de indicacións de procedencia falsas ou falaces. Foi neste "Arreglo" onde aparece por vez primeira un concepto que corresponde co das "denominacións de orixe" ainda que o nome empregado é o de "apelaciones regionales".
Este "Arreglo" inspirou o "Estatuto del Vino" de 1933, onde comenza o camiño legal das denominacións de orixe no dereito interno español e que incorpora xa algúns aspectos desenvolvidos no posterior "arreglo" de Lisboa. É interesante destacar, por exemplo, a concepción da "zona de producción" como "la comarca vitícola que por las variedades que cultiva y las condiciones climatológicas y geológicas que en ella concurren , es productora de vinos susceptibles de adquirir mediante los sistemas y condiciones indicados de elaboración y crianza, las características propias de los vinos designados con nombre geográfico reconocido como denominación de origen".
O mesmo Estatuto prevé tamén a creación dos correspondentes consellos reguladores nas rexións productoras.

interno español comeza co “Estatuto del Vino”, de 1933

“Arreglo de Lisboa”

A primeira norma que interpreta a institución da Denominación de Orixe desde unha perspectiva global, e non a partir de enfoques parciais ou reducidos, é o chamado “Arreglo de Lisboa”, de 1958.
Deste acordo parten unha definición específica do concepto de Denominación de Orixe, que de aquí en adiante será considerada “la denominación geográfica de un país, de una región o de una localidad que sirve para designar un producto del mismo, cuya calidad o características se deben exclusiva o esencialmente al medio geográfico, comprendidos los factores naturales y los factores humanos”.
Asimesmo, este “Arreglo” fixa as necesarias medidas de protección nos países que asinan o acordo e tamén pon en marcha un rexistro internacional como instrumento básico para a aplicación do acordo.
A pesar de ser o acordo internacional máis influinte (e decisivo á hora de elabora-la lexislación propia de cada país) poucos son os países asinantes. España, por exemplo, non se sumou ó devandito acordo, a pesares de que a súa lexislación está craramente inspirada no mesmo.

“Estatuto del Vino, la Viña y los Alcoholes”

A Lei de 1970 que aproba o “Estatuto de la Viña y el Vino” é o último paso lexislativo en materia de denominacións de orixe e dereito vixente, e o único regulamento xeral existente para estes organismos.

Control de calidade

O Control de Calidade aplicado na Denominación de Orixe "Rías Baixas" é un complexo sistema de garantías, derivado de normativas europeas, nacionais e autonómicas.
Estes son os pasos que seguen tódolos viños desta Denominación antes de sair ó mercado.

Control de Producción

Calificación do terreo

Variedades preferentes ou autorizadas

Prácticas de cultivo tradicionais (densidades, sistemas de conducción e carga máxima)

Control na vendima (caixas autorizadas, grao alcohólico)

Producción máxima por hectárea

Rendimento uva-mosto (67 litros por cada 100 kilos no Albariño, 70 para o resto das variedades)

A entrada na CEE

A posta ó día da lexislación española pola entrada na CEE contribuiu a extende-la regulación a tódolos ámbitos da producción.
O Regulamento CEE 823/87 de marzo de 1987 modificaba algúns aspectos da lexislación española, que databa de 1970 (Estatuto de la Viña y el Vino) establecendo que o réxime de protección da Denominación refírese ós viños producidos en rexións determinadas.

"Ley del Vino"

As figuras de protección na CEE non contemplaban variedades senón áreas xeográficas: remataron así os tempos da Denominación Específica Albariño, válida para todo o territorio e que foi a base sobre a que naceu a actual D.O.
Ahí quedaba aberta a posibilidade de comercializar como "albariño" os viños producidos noutras zonas xeográficas onde esa variedade estivese amparada.
A última normativa do sector vitivinícola é a recente "Ley del Vino" de 2003, recibida positivamente desde o punto de vista xurídico, pero que desde o punto de vista específicamente enolóxico plantexa certas dúbidas que fixeron recomendable unha aplicación parcial do seu articulado.

Proceso de Calificación do Viño

Cada partida ó lote homoxéneo é sometida polo Comité de Calificación a un exame Analítico e Organoléptico (cor, aroma, sabor) que da lugar a calificación, descalificación ou emprazamento da partida

Seguimento e control ("trazabilidade") de viños calificados ata a súa fase de comercialización

Inspeccións periódicas

Conxunto de Rexistros que incorporan tódolos datos relativos a viñas e adegas: Rexistro de Viñas, R. de Adegas de Elaboración, R. de Adegas de Almacenaxe e Embotelladoras.

Etiquetado

Precintos de garantía ou contraetiquetas numeradas. Toda expedición de uva, mosto, viño ou calquera outro producto ou subproducto da vinificación, mesmo entre firmas inscritas e mesmo dentro da mesma razón social, ten que estar acompañada da documentación pertinente

Control de Cantidade

O CRDO controla en cada campaña a cantidade de viño amparado na DO que poida ser expedida por cada firma inscrita no rexistro de adegas, dacordo coa producción de uva propia ou adquirida, entradas de mostos ou viños doutras firmas incscritas ou existencias de campañas anteriores.

Do INDO a D.O.

Sexa cal sexa o desenvolvemento normativo, a cuestións de calidade presidiron sempre o funcionamento dos organismos oficiais, mesmo antes da creación do actual Consello Regulador (Orde do 4 de xullo de 1988).

Na fase previa ás transferencias autonómicas, o INDO (Instituto Nacional de Denominaciones de Origen) tiña tódalas competencias para a mellora da calidade dos viños españois. Os responsables do INDO desenvolveron durante esa fase unha importante labor de información ó sector. Particularmente, na zona das Rías Baixas emprenderon unha serie de tarefas "fundacionais" en dúas grandes vertentes.

Na formación, poñendo en marcha os necesarios comités de calificación do viño. Na producción, tomando medidas para desenvolver todo o potencial de calidade en cada zona.

En resume, transferencia de coñecementos e asesoramento técnico, para crear unha maquinaria reguladora que hoxe é sinónimo de calidade, como recoñeceu este mesmo ano o ICEX (Instituto de Comercio Exterior), declarando ós "Rás Baixas" viños de cabeceira das exportacións españolas.

Os datos

A Denominación mantén un crecemento sostible e progresivo

As páxinas que seguen atoparán unha serie de gráficos e táboas numéricas que traducen polo miudo as magnitudes nas que se move a nosa Denominación.

Incluímos os datos de Superficie, seguidos do exame pormenorizado da Producción, para rematar cunha visión panorámica dos datos sobre Mercado.

O propósito é sintetizar e ordenar os datos cuantitativos para que poidan ser leidos nun orde natural, e ó mesmo tempo proporcionar elementos para unha análise obxectiva da evolución do sector.

Anticipar antes de nada, que polo que respecta á Denominación Rías Baixas, podemos observar un movemento cara a consolidación de certas tendencias, como son a penetración nos mercados exteriores, mentres que no caso da distiribución da propiedade ou os rendimentos productivos a tendencia é a estabilización dos valores medios acadados nos últimos anos.

Unha tendencia a estabilidade na base productiva compensada cunha evolución manifesta nos mercados que seguen marcando boas perspectivas para o sector na nosa Denominación.

Superficie



Ribeira do Ulla

A Estrada
Boqueixón
Illa de Arousa
Padrón
Silleda
Teo
Touro
Vedra*
Villadecruces

Val do Salnés

Barro*
Caldas de Reis*
Cambados*
Meaño*
Meis*
O Grove*
Portas*
Ribadumia*
Sanxenxo*
Vilagarcía de Arousa*
Vilanova de Arousa*

Soutomaior

Soutomaior*

A Cañiza*
Arbo*
As Neves*
Crecente*
Mos
Ponteareas*
Salceda de Caselas*
Salvaterra do Miño*
Tui**

O Rosal

A Guarda*
Gondomar
O Rosal*
Tomiño*
Tui**

* Todas as parroquias deste Concello están inscritas na Denominación de Orixe Rías Baixas.
** As parroquias deste Concello están rexistradas en duas subzonas según a súa localización xeográfica.

Tipos de Viños Amparados

Brancos

Rías Baixas Albariño
Rías Baixas Condado do Tea
Rías Baixas Ribeira do Ulla
Rías Baixas Rosal
Rías Baixas Val do Salnés
Rías Baixas
Rías Baixas Barrica

Tintos

Rías Baixas Tinto

Castes Preferentes

Brancas

Albariña
Loureira Branca ou Marquês
Treixadura
Caiña branca

Tintas

Caiña Tinta
Espadeira
Loureira Tinta
Souxón

Castes Autorizadas

Brancas

Torrontés
Godello

Tintas

Mencía
Brancellao

Superficie (Ha.)



TOTAL SUPERFICIE: 2.825,34

Nº de viticultores



TOTAL VITICULTORES: 5.975

Superficie / viticultor



PORCENTAJE SUPERF / VITIC: 0,47

Parcelas



TOTAL PARCELAS: 17.566

Parcelas / viticultor



PORCENTAXE PARC. / VIT.: 2,93

DATOS DOS ÚLTIMOS DEZ ANOS

Viticultores



Adegas



Superficie



Viño elaborado



Viño comercializado



Vendima

RENDEMENTOS



Producción por castes / subzonas



TOTAL: 21.651.268 Kg.



TOTAL: 388.969 Kg.



TOTAL: 475.548 Kg.

Volume de uva vendimada (Kg.) por subzonas

	Uva Vendimada	*Uva Importada*	*Uva Exportada*	*Uva Vinificada*
Condado do Tea	4.270.315	856.318	491.689	4.634.944
Ribeira do Ulla	356.830	54.823	29.521	382.132
O Rosal	2.602.361	983.987	250.407	3.335.941
Soutomaior	55.961	9.311	10.953	54.319
Val do Salnés	15.483.198	194.668	1.316.537	14.361.329
TOTAL	22.768.665	2.099.107	2.099.107	22.768.665


OUTRAS BRANCAS
CONDADO DO TEA
RIBEIRA ULLA
O ROSAL
SOUTOMAIOR
(21,20%)
(15,08%)
(7,82%)
(55,90%)
TOTAL: 124.156 Kg.


TINTAS
CONDADO DO TEA
RIBEIRA ULLA
O ROSAL
VAL DO SALNÉS
(11%)
(20%)
(15%)
(54%)
TOTAL: 128.724 Kg.


Total por castes 2004
Albariño
21.651.268
Loureira
388.969
Treixadura
475.548
Outras brancas
124.156
Tintas
128.724


Producción por castes nos últimos sete anos (datos en Kg.)
Albariño
3.354.788
11.804.326
7.952.098
15.732.787
12.555.763
15.539.371
21.651.268
Loureira
33.031
296.653
187.008
330.345
234.163
295.716
388.969
Treixadura
40.212
264.381
248.560
582.790
345.905
438.037
475.548
Outras brancas
33.439
64.683
63.573
99.254
77.625
86.500
124.156
Tintas
8.017
43.559
48.531
68.989
44.785
60.674
128.724
Total D.O.
3.469.487
12.473.602
8.499.771
16.814.166
13.253.242
16.420.298
22.768.665
1998
1999
2000
2001
2002
2003
2004

Producción

Uva exportada a outras subzonas da D.O.

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Condado do Tea	145.381	552.509	376.249	1.017.815	688.781	596.474	491.689
Ribeira do Ulla	-	-	14.596	24.285	22.777	23.425	29.521
O Rosal	17.448	97.652	71.379	128.158	117.387	156.522	250.407
Soutomaior	-	3.360	1.993	4.139	3.004	7.765	10.953
Val do Salnés	218.048	733.109	476.260	791.641	650.550	988.958	1.316.537

Uva importada doutras subzonas da D.O.

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Condado do Tea	128.735	478.717	285.873	351.626	364.025	662.455	856.318
Ribeira do Ulla	-	-	-	55.899	33.964	36.329	54.823
O Rosal	237.438	843.561	526.390	1.359.947	1.030.704	1.013.692	983.987
Soutomaior	14.704	3.951	13.589	22.203	17.143	24.509	9.311
Val do Salnés	-	60.701	114.624	176.362	36.663	36.159	194.668

Comparativa adegas con vinificación 1999-2004

Capacidade en litros



Proporción de adegas con vinificación en 2004

Capacidade en litros



Uva vinificada por subzonas nos últimos sete anos (Kg.)











Mercado

Exportacións 1999-2004 (Volume en litros)

1 9 9 9

EE.UU	136.273
ALEMAÑA	61.152
REINO UNIDO	57.749
SUIZA	43.347
PORTO RICO	43.106
XAPÓN	35.303
FRANCIA	11.688
ANDORRA	5.502
DINAMARCA	5.417
ARXENTINA	5.413
RESTO	5.175

2 0 0 0

EE.UU	258.296
REINO UNIDO	93.990
PORTO RICO	81.643
ALEMAÑA	57.155
SUIZA	54.193
MÉXICO	24.964
HOLANDA	17.460
ANDORRA	16.416
XAPÓN	9.811
BÉLXICA	8.509
RESTO	74.744

2 0 0 1

EE.UU.	239.881
REINO UNIDO	89.433
ALEMANIA	88.547
PORTO RICO	62.540
SUIZA	52.574
MÉXICO	25.880
BÉLXICA	24.966
HOLANDA	22.659
FRANCIA	16.985
XAPÓN	14.581
RESTO	96.018

2 0 0 2

EE.UU	315.949
REINO UNIDO	99.290
PORTO RICO	86.403
ALEMAÑA	78.286
SUIZA	57.554
MÉXICO	30.177
HOLANDA	16.061
ANDORRA	15.630
XAPÓN	13.272
BÉLXICA	12.374
RESTO	101.962

2 0 0 3

EE.UU.	342.690
REINO UNIDO	154.205
ALEMAÑA	73.861
PORTO RICO	73.707
SUIZA	71.323
MÉXICO	42.618
BÉLXICA	20.449
HOLANDA	18.528
FRANCIA	18.255
XAPÓN	14.476
RESTO	107.054

2 0 0 4

EE.UU	539.021
REINO UNIDO	140.907
PORTO RICO	104.975
ALEMAÑA	77.098
SUIZA	73.215
MÉXICO	34.365
XAPÓN	23.277
BÉLXICA	22.980
HOLANDA	19.193
ANDORRA	15.039
RESTO	144.779

Evolución do total das exportacións 1997-2004 (Volume en litros)



EXPORTACIÓNS 2004 (Distribución por países)

	Volume (litros)
Andorra	15.039,25
Islandia	127,00
Liechtenstein	405,00
Noruega	14.567,00
Suiza	23.215,75
TOTAL EEE	**103.354,00**

	Volume (litros)
Alemaña	77.088,00
Austria	2.192,00
Bélgica	22.690,00
Chipre	243,00
Estonia	72,00
Dinamarca	11.258,00
Finlandia	7.126,00
Francia	9.087,25
Grecia	45,00
Holanda	19.193,50
Irlanda	9.300,98
Italia	3.031,50
Luxemburgo	1.442,25
Malta	144,00
Polonia	631,00
Portugal	3.797,00
Reino Unido	140.907,00
Rep. Checa	634,50
Suecia	13.950,50
TOTAL UE	**323.121,48**

	Volume (litros)
Argentina	1.620,00
Brasil	4.156,50
Canadá	12.167,25
Colombia	2.882,00
Costa Rica	2.349,00
Cuba	1.414,00
E.E.U.U.	639.021,00
Guatemala	270,00
México	34.365,00
Nicaragua	300,00
Panamá	7.677,00
Perú	99,00
Porto Rico	104.975,00
Rep. Dominicana	10.341,25
Uruguai	450,00
Venezuela	4.734,00
Outros	1.350,00
TOTAL AMERICA	**727.971,00**

Rusia	2.061,00
Outros	2.470,50
RESTO EUROPA	**4.531,50**

China	841,25
Xapón	23.277,50
Filipinas	16,00
Singapur	81,00
Outros	225,00
TOTAL ASIA	**24.242,75**

Emiratos Árabes	270,00
TOTAL ÁFRICA	**270,00**

Australia	10.927,00
Nuevo Zelanda	432,00
TOTAL OCEANIA	**11.359,00**

TOTAL EXPORTACIÓNS

Volume en litros	Valor en euros
1.194.849,73	7.646.015,22

INGRESOS ORDINARIOS

CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS	**953.100,00**
ARTIGO 33 - TAXAS PARAFISCAIS	872.100,00
01 - EXACCIÓN S/PLANTACIÓNS INSCRITAS (CANON VIÑEDO)	132.100,00
02 - EXACCIÓN S/PRODUCTOS AMPARADOS (CANON VIÑO)	600.000,00
04 - EXACCIÓN POR VENTA DE CONTRAETIQUETAS	140.000,00
ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS	81.000,00
CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	**45.000,00**
ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	45.000,00
CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	**3.000,00**
CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL	**293.300,00**
ARTIGO 75 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	293.000,00
CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCIEIROS	**100.000,00**
ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA	100.000,00
TOTAL INGRESOS	**1.394.400,00**

GASTOS ORDINARIOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**120.500,00**
ARTIGO 13 - LABORAIS	92.000,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	28.500,00
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**153.500,00**
ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTENEMENTO E CONSERVACIÓN	5.600,00
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUMINISTRACIÓNS, OUTROS	118.000,00
ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVICIO	29.900,00
CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCIEIROS	**2.000,00**
ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS	2.000,00
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**1.000,00**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	1.000,00
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	**277.000,00**

CONTROL DE CALIDADE

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**209.100,00**
ARTIGO 13 - LABORAIS	90.000,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	31.000,00
ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES)	88.100,00
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**181.600,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUMINISTRACIÓNS, OUTROS	181.600,00
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**3.000,00**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA	3.000,00
TOTAL CONTROL CALIDADE	**393.700,00**

CAMPAÑA DE PUBLICIDADE

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**30.500,00**
ARTIGO 13 - LABORAIS	23.000,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	7.500,00
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**427.060,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUMINISTRACIÓNS, OUTROS	427.060,00
TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE	**457.560,00**

PROMOCIÓN

CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**266.140,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUMINISTRACIÓNS, OUTROS	266.140,00
TOTAL PROMOCIÓN	**266.140,00**
TOTAL GASTOS	**1.394.400,00**

RESUMO DE INGRESOS	
CANON E CONTRAETIQUETAS	872.100,00
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	84.000,00
SUBVENCIÓNS	338.300,00
REMANENTE ANOS ANTERIORES	100.000,00
TOTAL	**1.394.400,00**
RESUMO DE GASTOS	
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	277.000,00
CONTROL DE CALIDADE	393.700,00
CAMPAÑA E PROMOCIÓN	723.700,00
TOTAL	**1.394.400,00**
INGRESOS - GASTOS	**0,00**

KPMG Auditores S.L.
Arenal, 19
36201 Vigo

Informe de Auditoría de Estados Financieros

Al Pleno del Consello Regulador da
Denominación de Orixe "Rías Baixas"

Hemos auditado los estados financieros del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" (el Consello) que comprenden el balance de situación al 31 de diciembre de 2004 y la cuenta de pérdidas y ganancias y la memoria correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, cuya preparación es responsabilidad de la Dirección del Consello. Nuestra responsabilidad es expresar una opinión sobre los estados financieros tomados en su conjunto, basada en el trabajo realizado de acuerdo con las normas de auditoría generalmente aceptadas, que requieren el examen, mediante la realización de pruebas selectivas, de la evidencia justificativa de los estados financieros y la evaluación de su presentación, de los principios contables aplicados y de las estimaciones realizadas.

De acuerdo con la legislación mercantil, la Dirección del Consello presenta, a efectos comparativos, con cada una de las partidas del balance de situación y de la cuenta de pérdidas y ganancias, además de las cifras del ejercicio 2004, las correspondientes al ejercicio anterior. Nuestra opinión se refiere exclusivamente a los estados financieros del ejercicio 2004. Con fecha 11 de junio de 2004 emitimos nuestro informe de auditoría acerca de los estados financieros del ejercicio 2003, en el que expresamos una opinión favorable.

En nuestra opinión, los estados financieros del ejercicio 2004 adjuntos expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" al 31 de diciembre de 2004 y de los resultados de sus operaciones durante el ejercicio anual terminado en dicha fecha y contienen la información necesaria y suficiente para su interpretación y comprensión adecuada, de conformidad con principios y normas contables generalmente aceptados que guardan uniformidad con los aplicados en el ejercicio anterior.

KPMG AUDITORES, S.L.

Eduardo Perelló Teruel

10 de junio de 2005

Éxito e compromiso

Os grandes momentos da campaña, basados no sempre intenso labor do día a día

O ano 2004 será sempre o ano no que o "Rías Baixas" presidiu a cerimonia da voda real de Su Alteza Real el Príncipe de Asturias e Dona Letizia Ortiz Rocasolano. O recoñecemento expreso da calidade dun viño, digno de ser degustado nunha cerimonia tan simbólica, difícilmente pode ser superado. Razón de máis para afianzar sobre ese exitoso momento o compromiso desta Denominación coa búsqueda constante da calidade.

Xunto a este éxito, houbo outros moitos factores de interés no campo da promoción, da difusión e da comunicación dos viños "Rías Baixas" dos que compre deixar constancia nas páxinas que seguen.

Nelas recóllense tanto os días "de gala", no que os nosos viños rozan o ceo promocional en feiras e certames por todo o mundo, como o calado labor de base que día a día vai abrindo o camiño que, en definitiva, asegura o éxito dos momentos felices.

Xaneiro

Visita de mestres de Salou

Un grupo de 15 profesionais de Salou desprazouse a Galicia para visita-la nosa Denominación. Tras a visita a adegas e viñedos, quedaron moi impresionados coa calidade dos nosos viños, e o contraste entre a modernidade das adegas e o modo artesanal e coidado co que son elaborados os nosos caldos.

Febreiro

Visita do grupo de investigación da Universidad Internacional de Andalucía

Tres investigadores da Universidad de Sevilla, pertencentes ó grupo de investigación "Color y Calidad de Alimentos", estiveron na Denominación, onde organizaron un curso de cata en torno ós "Rías Baixas" dunha semana de duración.
Visitaron a Misión Biológica, para ver de cerca os traballos de investigación que se están a realizar e algunha adega.
Leváronse unha grata sorpresa ó comproba-la calidade dos viños, os aromas ou a durabilidade do viño na botella.

Stand retroiluminado con Lazarillos. Febrero a Novembro de 2004

Unha nova aposta promocional que foi moi ben recibida: o espazo retroiluminado, presente no stand de Lazarillos en cinco hoteis de Santiago de Compostela e dous de A Coruña.
A finalidade é informar ó turista dos nosos viños e incentiva-lo consumo. Previamente, o persoal encargado do estand foi informado na propia sede do Consello Regulador sobre os viños da Denominación.

Asociación de Hostalería de A Coruña

Como mostra da colaboración coa coordinadora da Asociación de Hostalería de A Coruña, organizouse un curso de cata de "Rías Baixas" dentro do programa "Sumiller I", con viño xenérico do Condado, O Rosal e Albariño.
Para o curso de "Sumiller II", está prevista unha cata vertical e ademais tratouse dun eventual Concurso de Tapas con "Rías Baixas" durante o 2005 en A Coruña.

Participación na Feira "Xantar", Ourense

Do 3 ó 8 de febrero celebrouse a feira "Xantar"de Ourense. A nosa Denominación contou cun estand no que se repartiron folletos promocionais, posters e ofreceuse viño xenérico para degustar.

Patrocinio da cea de gala do concurso nacional de viños Bacchus 2004

A cea de gala de "Bacchus 2004", celebrada o 29 de febreiro no restaurante do Hotel Wellington de Madrid, foi patrocinada polo Consello Regulador. Asistiron expertos catadores internacionais e destacadas personalidades da prensa especializada e do sector agroalimentario español.
O presidente do certame, José Hidalgo Togores, destacou a presencia dos viños de "Rías Baixas" nos concursos organizados pola UEC e os importantes galardóns conseguidos ó longo destes anos.

Marzo

Participación na Feira Prowein (Dusseldorf)

O Consello Regulador participou como expositor, na Feira Prowein, celebrada en Dusseldorf de 29 de febreiro ó 2 de marzo. O estand de 19 m2. estaba no pavillón do ICEX, onde figuraban representada-las marcas de 23 adegas. Alí se deron a degustar tódolos viños enviados, utilizando un sistema de rotación.
Os contactos obtidos nesta importante feira foron remitidos a tódalas adegas exportadoras.

Participación en Alimentaria

Ademais da nosa presencia na Feira Alimentaria, celebrada do 8 ó 12 marzo, cun estand conxunto da Xunta de Galicia, participamos con mostras de viño xenérico no espazo "Vinorum", onde fumos o único viño branco, acompañado por un bon maridaxe.
O Consello tomou a decisión de asistir á edición 2006 de "Alimentaria" cun estand propio, tipo illa.
hoteis, tendas especializadas, vinotecas e clubes de viños.

Minifeira en Mallorca

A minifeira de "Rías Baixas" tivo lugar o 29 de marzo, nos salóns del Hotel "Son Vida". Durante a xornada realizouse un xantar dos enviados das nosas adegas con representantes de doce medios de comunicación de Mallorca e tras desta unha cata vertical con 22 sumilleres de Baleares, na que se poideron catar "albariños" desde o ano 96.

O resto da xornada adicouse a presenta-los caldos das 16 adegas participantes a 400 profesionais no Salón "Bellver" do citado hotel.
Asistiron sumilleres, distribuidores, restaurantes,

Participación no XXXI Capítulo Familiar de Restaurantes de Buena Mesa

Arredor de 150 profesionais de toda a hostalería española déronse cita no Recinto Feiral de Silleda o 29 de marzo para degusta-los productos de Galicia, entre os que os nosos viños despertaron un gran interés.

Abril

Xornadas Gastronómicas de Turgalicia en Londres

Coa finalidade de mostra-las excelencias da nosa rexión, o ente público "Turgalicia" organizou do 25 de marzo ó 6 de abril unhas xornadas gastronómicas no hotel "Meliá White House".
As adegas asistentes tiveron ocasión de colaborar, aportando o viño que acompañou os xantares durante todo o evento, e aparecendo como colaboradoras na invitación para a presentación das xornadas e nas cartas de menús.
Tamén a través de "Turgalicia", unha das nosas adegas colaborou na presentación da Volta ó Mundo de Vela - Volvo Ocean Race, aportando o viño servido no cocktail ós asistentes.

Xestións co ICEX, en Madrid

Tras unha visita previa en marzo, para explicar as adegas como se van estructura-las accións de promoción no estranxeiro, unha vez desaparecidos os plans sectoriais, estableceuse un novo contacto co ICEX en Madrid.
Acordouse solicita-la realización, a mediados de maio, dun curso de iniciación á exportación para adegas en Pontevedra ou Vigo, ademais dun seminario sobre as exportacións ó Reino Unido para adegas.

Curso de Empresa Familiar

A presencia nesta sesión de traballo, celebrada do 13 ó 15 de abril, permitiunos servir viño xenérico no restaurante montado para a prensa, e

deu ocasión que a presidenta fixera unha pequena introducción sobre a nosa Denominación.

Seminario sobre Mercado de Viños no Reino Unido

O ICEX e o Consello Regulador organizaron, no Hotel "Galicia Palace" de Pontevedra, o Seminario do "Mercado de Viños no Reino Unido", que tivo lugar do 15 ó 16 de abril, e contou coa presenza de expertos.

XVI Feira "Gourmets"

A nosa Denominación participou cun estand dentro do pavillón da Xunta de Galicia na Feira "Gourmets" celebrada do 19 ó 22 de abril e mantivo diversas reunións con xornalistas de EEUU.

Visita de sumilleres de Madrid

Vinte sumilleres do último "Curso de Masters de Sumillería" da Cámara de Comercio de Madrid visitaron a Denominación os días 25 e 26 de abril, asistindo a conferencias explicativas sobre a Denominación e visitando adegas.

Maio

Concurso sumiller "Nariz de Oro" 2004

O noso Consello Regulador participó na mostra de viños que acompaña ás semifinais do concurso "Nariz de Oro 2004", organizado pola revista "Vino y Gastronomía", para elexir ó mellor sumiller de España.
No estand do Consello ofrecéronse degustacións e material promocional da Denominación ós invitados e concursantes, sumilleres de toda a xeografía española.
As semifinais tiveron lugar este ano en Vitoria (30 de marzo), Valladolid (20 de abril), Santiago (11 de maio) e Málaga (1 de xuño).
Tamén estivo presente o Consello na gran final do concurso, os días 19 e 20 de xuño en Madrid.
En Málaga a semifinal cos sumilleres realizouse únicamente con viños de "Rías Baixas".

Xuño

Xornadas Internacionais de Sumillería

Durante a celebración deste evento, entre o 6 e o 9 de xuño en Santiago de Compostela seleccionáronse os viños para a 1ª guía da UAES, e o Consello Regulador estivo presente na mostra paralela cun estand de material promocional. A D.O. "Rías Baixas" patrocinou ademais a cea oficial de clausura no "Pazo de Adrán", onde 160 sumilleres degustaron viño xenérico da Denominación.

Visita á Denominación de sumilleres de Suecia

Dez sumilleres da escola de Alta Restauración de Suecia percorreron a denominación os días 10 e 11 de xuño, visitando 10 adegas das distintas subzonas.

Xullo

Visita á Denominación de catro monopolios de Canadá

Seis representantes de catro monopolios de Canadá estiveron na Denominación os días 1 e 2 de xullo, visitando 4 adegas e participando nunha mesa de traballo con nove adegas da Denominación.

XII Festa do Viño do Rosal

O Consello Regulador participou na feira do Viño do Rosal celebrada os días 16 a 18, cun stand de exposición de producto e material promocional.

Agosto

LII Festa do Viño Albariño de Cambados

A festa do viño máis importante da Denominación, celebrada entre o 31 de xullo e o 2 de agosto contou este ano coa visita de dez xornalistas de recoñecido prestixio da prensa nacional.
Entre os actos promocionais destacaron unha cea inaugural no Pazo de Mugartegui, e unha travesía en barco pola ría con xantar a bordo e unha cea no Parador de Cambados.
Desenvolvéronse tamén as catas en varias fases, ata chegar ó final coa Cata Oficial tras da que se celebrou a cerimonia do Capítulo Serenísimo e a cea oficial.

XLV Festa do Viño do Condado

O Consello Regulador participou nesta feira celebrada os días 27 á 29 na localidade de Salvaterra do Miño, cun stand de exposición de producto e material promocional.

Setembro

Visita de prensa do Reino Unido

Os días 13 a 15 deste mes estiveron na Denominación tres prestixiosos xornalistas do Reino Unido, para visitar distintas adegas e participar en distintas catas, ademais de asistir a unha mesa de traballo.

Visita de prensa de EE.UU.

Seis prestixiosos xornalistas de EEUU desprazáronse a distintas adegas da Denominación os días 17 e 18, participando igualmente en diversas catas e nunha mesa de traballo.

Visita de Gery Gbell

Durante a etapa da vendima, o experto Gery Gbell, colaborador de Carlos Herrera, visitou varias adegas de diferentes subzonas da Denominación. Unha visita da que se fixo eco en distintas intervencións radiofónicas.

Cea profesional en Shanghai / Feira en Shanghai

A feira "Food&Hotel China", unha das maiores e máis importantes ferias de Alimentación e Bebidas do continente asiático, celebrouse entre o 13 e o 17 deste mes.
O Consello participou no pavillón oficial de España, co ICEX, onde estiveron representadas trece das nosas adegas e foron catados cinco viños elexidos polo ICEX. Un pequeno dossier sobre as peculiariedades do viño e da zona, así como os contactos das adegas participantes completaron o aspecto promocional.
Con motivo da participación na feira, organizouse en colaboración coa oficiña comercial en Shanghai, un acto paralelo co sector profesional. Participaron un total de 30 persoas, entre sumilleres, distribuidores, prensa especializada e persoal da oficiña comercial e do Consello Regulador. A finalidade era presentar a un grupo moi reducido pero importante, a Denominación de Orixe "Rías Baixas" destacando as particularidades do tipo de uva autóctona, a vendima a man, a zona xeográfica, os controles, e os recoñecementos nacionais e internacionais dos nosos viños. A cea consistiu nun maridaxe de viños de "Rías Baixas" con comida asiática.

Outubro

Great Match en EE.UU.

A participación nos "Great Match" en EEUU, tivo o seguinte calendario:
-San Francisco (California): "The Regency Center" 28 de setembro (asistencia aproximada 600-700 persoas)
-Nova York: "Metropolitan Pavilion" 6 de outubro (asistencia aproximada 800-900 persoas)
-Miami (Florida). "The Biltmore Hotel" 14 de outubro (asistencia aproximada 800- 900 persoas).
O "Great Match" é o escaparate máis representativo dos viños españois nos EE.UU. Xunto a viños e xantares ofrece seminarios sobre viños para profesionais do sector, información sobre as rexións vinícolas españolas, etc.
O Consello Regulador organizou un seminario de viños de Rías Baixas en San Francisco ademais de contar cunha mesa rexional en cada unha das tres cidades organizadoras, na que participaron 12 viños da Denominación.

Novembro

Visita de xornalistas alemáns

Acompañados polo representante do ICEX na oficiña de Dusseldorf, 6 afamados xornalistas de Alemaña, visitaron a denominación o día 5. Visitaron cinco adegas e cataron un ampla variedade dos nosos viños.

I Salón das Denominacións de Orixe e Delicatesen, de Vigo

O Consejo Regulador da D.O. Rías Baixas, tivo un stand propio neste salón, celebrado entre o 8 e o 10, onde estiveron representadas as adegas que aportaron mostras de viño e se ofreceu unha degustación de viño xenérico, así como a difusión de distinto material promocional.

Xantar con prensa de Madrid

Coa finalidade de expoñe-los últimos datos da Denominación relativos a colleita, exportacións, novas destacadas, recoñecementos internacionais, plans de futuro e demais información, a presidenta do Consejo Regulador da D.O., Marisol Bueno, e o xerente, Ramón Huidobro, asistiron o día 11 a un xantar de traballo no "Club Financiero Génova", coa prensa xeneralista de Madrid. Estiveron representantes de diarios como ABC, La Razón, El País, El Mundo e Cinco Días; axencias de información xeral, como EFE e televisións de ámbito nacional.

Curso de riscos financieiros

O Consello organizou o día 12 un curso de Comercio Exterior sobre Riscos Financieiros, dirixido ás adegas da Denominación.
O obxectivo é proporcionar coñecementos específicos para a exportación como: o contrato comercial, os riscos, as garantías, os medios de pago e os seguros de crédito.

Presentacións en China

Durante este mes, en colaboración coas distintas Cámaras de Comercio de España, o Consello Regulador participou nas minifeiras de viños de España en Pekín, Shangahi e Hong Kong, os días 9, 11 e 15.
O fin é dar a coñecer os nosos productos nestes novos mercados. A convocatoria foi dirixida a profesionais dos sectores da distribución, a restauración e a prensa.

"V Feria del Vino y de la Denominación de Origen", Torremolinos

O Consello Regulador da D.O. "Rías Baixas", participou por primeira vez nesta feira celebrada do 13 ó 16, onde se degustaron as distintas marcas que confirmaron o seu interés por participar. Difundiuse material promocional e realizáronse as correspondentes accións de promoción.
Con motivo da feira un técnico do C. R. deu unha charla e posterior cata con vinos da D.O.

Almorzo de traballo coa prensa, en Santiago de Compostela

Para establecer contactos personais e facilita-los últimos datos da Denominación relativos a colleita, exportacións, novas destacadas, recoñecementos internacionais, plans de futuro e demais información da Denominación organizouse o día 18 un almorzo de traballo no restaurante "Toñi Vicente" de Santiago, cos directivos dos medios máis relevantes desta cidade.

Visita de xornalistas de Irlanda

Seis prestixiosos xornalistas de Irlanda, visitaron a nosa Denominación os días 18 a 19, para coñecer de cerca as adegas das distintas subzonas da D.O. e cata-los viños elaborados.

"V Salón Internacional del Vino"

O C.R.D.O. "Rías Baixas", participou no "V Salón Internacional del Vino" celebrado entre los días 22 y 25 en Madrid, dentro do estand da Xunta de Galicia.

Semifinal do Concurso Sumiller "Nariz de Oro", en Pamplona

O Consello Regulador da D.O. "Rías Baixas", patrocinou o concurso "Nariz de Oro" para o 2005.
A primeira semifinal celebrouse en Pamplona o 29 de novembro. Na mostra paralela serviuse viño xenérico da Denominación e repartiuse material promocional.
A Denominación patrocina ademais en tódalas semifinais o concurso "Sumiller Novel Rías Baixas-Albariño", na que participan os sumilleres menores de 25 años que aspiran ó concurso "Nariz de Oro".

Decembro

Xornadas Técnicas para o Comité de Cata

O Consello Regulador organizou unhas xornadas técnicas dirixidas ó panel de cata, que se desenvolveron durante os días 15 e 16 de decembro en Pontevedra. As xornadas consistiron nun ciclo de conferencias a cargo de Jesús Yuste Bombín e Antonio Palacios García, e unha sesión de cata de viños.

Campaña de Publicidade en Galicia

Con vistas á época do Nadal tivo lugar unha campaña de publicidade en toda Galicia, co argumento: "El saber vivir de los gallegos", concretado en nun circuito de 80 vallas en toda a Comunidade durante 15 días, do 1 ó 15 de decembro.
Emitiuse tamén un espot de 10"e 20" en televisión, cun total de 148 pases, entre o 13 e o 26, nos seguintes soportes: TVE, Antena 3 e TVG.

Campaña de Publicidade en Madrid

Tamén co mesmo motivo das festas do Nadal fíxose unha campaña na Comunidade Autónoma de Madrid, baixo o lema: "Para ser el mejor vino del mundo... sólo nos faltas tú". O contido foi a emisión dun espot de 20" en televisión, cun total de 116 pases entre o 13 e o 26 de decembro, en TVE, Antena 3 e Telemadrid..

Xaneiro

"Rías Baixas" edita catro libros sobre temas enolóxicos

O Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" editou catro libros, para difundir traballos de investigación sobre temas enolóxicos relacionados con esta Denominación. As autoras das publicacións son as doutoras Carmen Sieiro e Mar Vilanova.
Este ano os traballos I+D+I contaron por primeira vez cunha partida presupostaria especial, seguindo unha das recomendacións do Plan Estratéxico da D.O.. O xerente, Ramón Huidobro, destacou que "el futuro de esta Denominación pasa por la investigación".
Os libros pretenden informar ó sector vitivinícola sobre as investigacións realizadas en temas de Microbioloxía Enolóxica en Galicia, así como da importancia dunha selección de lévedos e bacterias malolácticas, ademáis dos avances en xenética molecular de lévedos vínicos.
Mar Vilanova de la Torre traballa no campo da Microbioloxía Enolóxica, concretamente na selección e mellora xenética de lévedos do viño, na Misión Biológica de Galicia, dependente del Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), xunto coa doutora María del Carmen Martínez. Un dos seus libros, "La Biotecnología aplicada a la elaboración del vino Albariño en la D.O. Rías Baixas", recibira o Premio de Investigación Agraria de Galicia 2002.
Carmen Sieiro Vázquez, da Universidade de Vigo, e Tomás G. Villa, da Universidade de Santiago, publican dous libros sobre distintos aspectos relacionados con lévedos e bacterias enolóxicas, como son o carácter floculante ou a corrección biolóxica da acidez dos viños.

Marzo

Seis marcas de "Rías Baixas" reciben premos nos "Bacchus 2004"

O concurso internacional "Bacchus 2004", organizado pola Unión Española de Catadores premiou este ano a seis marcas da D.O. Rías Baixas.
Os galardonados competían cun total de 1.430 viños de todo o mundo e foron valorados por sesenta expertos de 12 nacionalidades durante nove sesións de cata.
Entre as marcas premiadas nos Bacchus 2004, atópanse viños con añadas do 2002, o que ven demostra-la grande evolución na botella da variedade "albariño", e remata co mito de que os "Rías Baixas" son viños que se deben consumir no ano. Este recoñecemento ven sumarse a valoración feita meses antes nunha cata vertical polos xornalistas especializados en viños máis importantes do noso país xunto a importantes sumilleres da capital.
Estes premios significan o recoñecemento ó traballo de control, de orixe e de calidade realizado polo Consello Regulador, así como o magnífico labor destas adegas.
Marisol Bueno, presidenta desta D.O., afirmou que "estos premios son muy importantes para Rías Baixas por el reconocimiento internacional de los mismos y, nos animan a seguir trabajando en la misma línea y con el mismo entusiasmo, porque al final el esfuerzo se ve recompensado con premios de esta categoría y, con la buena valoración del consumidor, que al final es el que manda".

A Casa Real elixe os viños da D.O. "Rías Baixas" para o banquete da voda real

A D.O. "Rías Baixas" foi elexida pola Casa Real para presidi-lo banquete do enlace matrimonial da Súa Alteza Real, o Príncipe de Asturias e Dna. Letizia Ortiz Rocasolano.
O Consello Regulador elexiu entre tódalas adegas da D.O. o viño que representaría á Denominación, sen facer pública a súa elección, entendendo que a Casa Real quixo que este viño fose representativo dunha zona xeográfica e de Galicia, en xeral.
A Denominación de Orixe suliñou que a elección dos seus brancos era moi positiva para a imaxe dos viños "Rías Baixas" dentro e fora do noso país, e que con ela premiábase o magnífico labor levado a cabo por adegas e viticultores, que desde o nacemento desta Denominación en 1988 e xunto coa Consellería de Política Agroalimentaria loitaron pola calidade dos viños. Un traballo recompensado pola elección da Casa Real e que anima ó sector a seguir xuntos no desenvolvemento desta actividade.

Maio

O prestixioso crítico estadounidense Robert Parker concede altas puntuacións ós "Rías Baixas"

Sete viños da D.O. "Rías Baixas" figuran na selección feita polo prestixioso xornalista americano Robert Parker, entre viños de todo o mundo. As altas puntuacións, entre 80 e 92, amosan a calidade dos viños desta Denominación e o importante prestixio adquirido no mercado internacional.
Nun artigo publicado na revista estadounidense "Food & Wine", o gurú do viño afirma que ve a España como "un líder emergente en vinos calidad y creatividad, que combina las más finas características de la tradición con una moderna y progresiva filosofía enológica".
Ademais, o prestixioso xornalista americano asegura que "quien comprará los vinos más caros y finos del mundo serán los nuevos ricos de economías crecientes de Asia, Sudamérica, Europa del Este y Rusia". A Robert Parker tampouco lle pasaron desapercibidos os viños desta Denominación, posto que seleccionaba sete viños "Rías Baixas" na última edición da súa guía "Wine Advocate".
Na selección atopábanse "Rías Baixas" de 2002 na súa maioría, curiosamente tamén unha marca de 2001 e na selección de añada de 2000 dunha adega.
Robert Parker está considerado un dos máis importantes críticos de viños do mundo, e o máis importante de Estados Unidos. As súas eleccións posúen unha grande credibilidade e o consumidor norteamericano tennas moi en conta á hora de mercar e seleccionar un viño.

Os viños "Rías Baixas" reciben 12 galardóns no "International Spirits Challenge 2004"

Doce viños da D.O. Rías Baixas recibiron galardóns e recoñecementos no "International Spirits Challenge 2004", celebrado no recinto feiral de Excel durante a "London Wine". Unha Medalla de Prata, cinco Medallas de Bronce e seis Mencións Especiais recairon en diferentes adegas da Denominación. A maioría destes viños eran da añada do 2003, ainda que tamén houbo algún de 2002.
O "International Spirits Challenge" é un dos máis prestixiosos concursos internacionais de viño, no que se premian ós mellores viños e licores de todo o mundo. Son recoñecementos moi importantes para o "Rías Baixas" polo seu carácter internacional e, sobre todo, porque o mercado británico é tradicional deste Consello Regulador, ocupando o segundo posto en número de exportacións, cun total de 154.205 litros no exercicio 2002-2003.

"Rías Baixas" presenta a imaxe do viño que presidirá o Enlace Real

O Consello Regulador de la D.O. "Rías Baixas" presentou o viño que se serviría no banquete nupcial da voda de SAR Príncipe de Asturias con Dna. Letizia Ortiz Rocasolano. É "Rías Baixas

Albariño" da añada 2003, seleccionado e etiquetado polo Consello Regulador para a ocasión, tras un rigoroso proceso de selección no que participaron un total de 43 adegas.
Por deseo expreso da Casa de Su Majestad El Rey mantívose o anonimato da empresa elaboradora. O Consello Regulador enviou á Casa de Su Majestad El Rey 720 botellas, provistas da correspondente contraetiqueta da D.O. "Rías Baixas".

Selección do Viño
O panel de cata do Consello Regulador foi o encargado de selecciona-lo mellor "Rías Baixas Albariño". As partidas de viño das 43 adegas participantes foron sometidas a un exhaustivo proceso de selección, incluindo un análisis fisicoquímico e organoléptico, este último realizado polo panel de expertos do Consello en cata cega. Escolleuse a mellor das partidas en función das análises. Marisol Bueno, presidenta do Consello Regulador da D.O. "Rías Baixas", afirmou que " fue muy difícil la elección de los vinos, porque la añada 2003 es extraordinaria".

Ficha de Cata
O "Rías Baixas Albariño" da colleita 2003 seleccionado foi calificado de extraordinario. Un viño que en fase visual presentou unha cor amarela pálida con tons pallizos, brilante, tranquilo e con lágrima media.
En nariz tiña unha intensidade aromática media alta, con aromas terpénicos fundamentalmente a frores, con matices de froita de oso e lembranzas a piña. Pola súa franqueza estes aromas son fácilmente identificables.
Na boca era fresco, con boa estructura e equilibrio. Posuía unha acidez moderada. Era moi aromático por vía retronasal e cun final de boca moi persistente.

Etiqueta e botella
O viño foi nunha botella Bordelesa Europea de cor Quercia, de 600 gr. de peso, un tipo de envase propio de viños de moi alta calidade. A botella quedou vestida cunha elegante etiqueta deseñada para a ocasión, na que a D.O. "Rías Baixas" quixo dar protagonismo ás iniciais dos noivos, presentando "Rías Baixas" nunhas dimensións reducidas e facendo unha combinación de cores moi formal e equilibrada: ouro mate para as iniciais dos noivos e, o gris medio para o logotipo da Denominación.
Para lle dar máis forza á mensaxe de sencillez e ó valor emocional do acontecimiento, a botella levaba unha cápsula de estaño na mesma cor ouro mate, coas iniciais dos contraintes. Finalmente, a botella acompañábase da correspondente contraetiqueta do Consello Regulador, que certifica a orixe e calidade do "Rías Baixas Albariño".

Agosto

Pazo San Mauro gañador da Medalla de Ouro na XVI Cata Concurso Rías Baixas Albariño

Tras unha difícil elección, os profesionais do

panel de cata da XVI Cata Concurso Rías Baixas Albariño decidiron outorga-la Medalla de Ouro desta edición á marca "Pazo de San Mauro", da adega Pazo de San Mauro; a Medalla de Prata ó "Rías Baixas Albariño Gundián", de Adegas Valdés e a Medalla de Bronce a "Gran Novás", da adega Aldea de Abaixo.
Tras a entrega dos galardóns ós premiados durante o xantar de confraternidade da LII edición da Festa do Albariño en Cambados, os xornalistas, enólogos e sumilleres, que integraron o panel de cata coincidiron en sinalar que a elección das marcas gañadoras foi moi complicada, debido á grande calidade dos "Rías Baixas Albariño". Tamén destacaron que estes premios recoñecen o esforzo realizado polas adegas durante todo o ano.

O Suplemento do " Wall Street Journal" califica de "excelentes" ós viños "Rías Baixas"

O magazine do "Wall Street Journal", "Smart Money", adicou unha reportaxe de dúas páxinas ós viños da D.O. Rías Baixas, no que se asegura que estes viños "son difíciles de batir en calidad y precio".
O texto asinado polos prestigiosos xornalistas Dorothy J.Gaiter e John Brecher, non escatimaba eloxios para os nosos viños, o que demostra a grande aceptación entre os consumidores estadounidenses dos "Rías Baixas".
Segundo os autores trátase dun tipo de viño especial e excitante, alonxado dos viños actuais de producción industrial e impersonal, que non posúen nin o mínimo rastro do seu lugar de orixe. Afirman tamén que os "Rías Baixas" teñen clase e elegancia, unha acidez equilibrada e magníficas notas frutais: "Son tan puros y limpios que parece que se hayan hecho a sí mismos: deliciosa fruta natural puesta en una botella sin manipulaciones".
Por outra parte aseguran que son os que ofrecen un mellor maridaxe con pescados e mariscos, fronte ós que tradicionalmente se escollían para ese menú. Pero, tamén apuntan que son excelentes tanto sós como acompañando a diferentes alimentos, desde pescados a froitas. Destacan ademais o seu asequible prezo e a súa grande variedade de matices, que os convierten en moi gratos para os grandes amantes do viño.
Os viños da D.O. "Rías Baixas" se están a ver comúns nas tendas estadounidenses, xa que é un mercado que aprecia a calidade destes productos. Por eso, os autores da reportaxe sinalan ós seus lectores que a adquisición destes viños, nos grandes almacéns, tendas especializadas e a través de tendas on line, é sempre unha interesante elección.

Tamén en "Life"

Ademais, a revista "Life" destacou tamén a calidade dos viños "Rías Baixas" nunha reportaxe elaborada por Tim Atkin, quen afirma que "Galicia se ha convertido en la región productora de vinos blancos más importante de España, gracias a una uva: la albariño" e engade que "la albariño es una uva que combina frescura y finura". Este xornalista tamén repara no grande esforzo e o importante labor profesional que realiza este sector para compaxinar tradición e modernidade na elaboración dos seus viños.

Outubro

Medran un 50 % as exportacións de "Rías Baixas"

28 de outubro. As cifras de exportacións na Denominación de Orixe "Rías Baixas" aumentaron un 50,40 % na campaña comprendida entre o 1 de setembro de 2003 e o 31 de agosto de 2004. Exportáronse 1.262.000 litros, cun valor aproximado de sete millóns de euros, cun incremento do 45,22 % en valor respecto á pasada campaña.
Os datos demostran a grande aceptación dos "Rías Baixas" no mercado internacional, onde veñen mantendo unha evolución positiva fronte ó estancamento rexistrado na media española de V.C.P.R.D.("Vinos de Calidad Producidos en Regiones Determinadas"), segundo as da Dirección General de Aduanas para os primeiros meses de 2004.
O continente americano supera en venta á Unión Europea. O mercado estadounidense, consumidor por excelencia destes viños, superou os 550 mil litros, un crecemento dun 71% con respecto á campaña anterior.
Gran Bretaña é o seguinte destino en importancia, superando os 182 mil litros, e cun valor de o millón de euros. Datos importantes, reforzados polo que se refire ó caso do Reino Unido polas previsións dun estudio da empresa "Datamonitor", que asegura que o mercado británico está en alza e prevé un incremento do consumo de viño dun 16 % para os vindeiros anos.
Porto Rico segue a ser un mercado de grande proxección e moi interesado por estes viños, e convértese no terceiro cliente en importancia nesta Denominación, cun incremento superior ó 11%. Tamén Suíza perfílase como un importante mercado, ocupando o cuarto lugar cun crecemento dun 13 %, favorecido sen dúbida polas actividades de promoción levadas a cabo conxuntamente polo departamento de promocións do Consello Regulador e polo ICEX.

Tamén é importante destaca-la magnífica evolución de mercados potenciais como México, Canadá, Países Baixos, Noruega e Suecia, que están amosando un grande interese polos nosos viños durante os últimos anos.

Valoracións positivas

O prestixio e a personalidade propias do "Rías Baixas" están sendo valoradas moi positivamente en distintos ámbitos, como expresou Juan Muñoz, presidente da "Unión de Asociaciones Españolas de Sumilleres" quen asegura que "son vinos que pueden competir en un mercado cada día más globalizado y uniforme respecto a variedades concretas".

Doutra banda, se seguen a realizar importantes esforzos de promoción desde este Consello Regulador, de cara ós mercados internacionais, sobre todo en países como Estados Unidos, Alemaña e Gran Bretaña, principais destinos desta Denominación, pero sen esquecer outros Estados que empezan a mostrar interese polos viños "Rías Baixas".

Organización de actividades, participación en feiras, formación e comunicación con prescriptores e prensa especializada son capítulos importantes deste labor. Ademais, "Rías Baixas" conta co apoio do ICEX para desenvolver campañas de promoción xenéricas ou específicas en diferentes mercados. Rosa Angulo, xefa do departamento de viños do ICEX asegura que contar cunha D.O. como "Rías Baixas" entre os seus colaboradores, "contribuye a afianzar y promover una imagen excelente de vinos de media y alta gama de España".

O mercado chinés

O Consello Regulador proxecta a súa entrada en China, onde realizou no mes de novembro a presentación dos seus viños en tres importantes cidades: Pekín, Shanghai e Hong-Kong.

O mercado do viño neste país atópase en expansión. O goberno chinés realizou unha importante campaña destacando os valores saudables do viño, de maneira, que o consumidor dese país é moi receptivo a este producto. Ademais, o xigante asiático mostra admiración e curiosidade por todo o occidental e valora en grande medida as opinións dos máis prestixiosos especialistas de occidente, como o citado Robert Parker (ver máis arriba, nesta sección). Por outra banda os viños "Rías Baixas" posúen un grande potencial, debido ó auxe das marisquerías en cidades como Shanghai, e aparecen como o futuro do sector hostaleiro, sobre todo se temos en conta que neste país hai aproximadamente 20 millóns de consumidores cun poder adquisitivo moi alto, que demandan productos de grande calidade como poderían se-los viños desta Denominación.

O Consello Regulador de la D.O. "Rías Baixas" participou este ano na feira profesional, "Food & Hotel China 2004", en Shanghai cun estand propio dentro do pavillón español do ICEX. "Food & Hotel" é o máis importante evento agroalimentario do mercado asiático. Segundo a organización polo pavillón pasaron un total de 15.780 profesionais, dos que un 14 % eran visitantes internacionais (máis información na sección de "Actividades").

Decembro

Madrid e Galicia, destinos estratéxicos da campaña publicitaria do Nadal

O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas realizou con motivo do Nadal, dúas campañas de publicidade: unha na Comunidade Autónoma de Madrid e outra en Galicia. A idea, máis alá de vincular o viño ás orixes -a uva e a terra- centrouse na calidade do producto, como un elemento diferenciador.

A elección foi moi rigorosa e destinouse ó medio televisivo, así como á publicidade exterior. O Consello Regulador decantouse por estes medios pola grande capacidade que teñen para chegar a un amplo espectro de poboación. A emisión destas campañas pretenden incentivar e afianza-la compra dos viños desta Denominación durante as datas navideñas.

"En todo el mundo las Navidades se convierten en un momento muy importante en el consumo de productos de calidad. Además, los consumidores que se suman a la compra de "Rías Baixas" en estos días luego son fieles el resto del año" afirma Marisol Bueno, presidenta deste Consello Regulador.

As vallas tiveron tamén o seu protagonismo na campaña, e a súa selección foi moi minuciosa, buscando as mellores ubicacións disponibles nas grandes cidades e, mesmo, en emprazamentos próximos a centros comerciais, rutas de acceso ás cidades e outros espacios "de impacto".

Por primeira vez, o Consello Regulador centrou en Madrid unha campaña de tanta envergadura. O reto era, ademais de incrementa-lo coñecemento da denominación, que os "Rías Baixas" atopen un espacio propio no "chateo madrileño", é decir, que se xeneralice o consumo "por copa" dos vinos da D.O.

A selección de Madrid non responde a unha decisión arbitraria. Trátase da segunda comunidade, despois de Galicia, polo volume de consumo de "Rías Baixas". Ademais preténdese que a entrada en Madrid facilite, como sucede con outros productos, a expansión a outras rexións."Posicionarse como un vino de moda en Madrid nos ayudará luego a expandirnos al resto de España", engadiu Marisol Bueno.

No caso de Galicia a campaña pecha un ciclo de comunicación iniciado no 2003, baseado na convivencia do tradicional e do moderno, igual que os viños desta denominación. O lema, "El saber vivir de los gallegos", é craro, contundente, mostrando a aposta e o perfil destes viños.

A campaña incide na conexión entre os valores do producto –de orixe- e os da propia sociedade galega –xove, renovada, punteira-, que forman parte dos nosos sinais de identidade.

A realización da campaña correu a cargo de dúas empresas galegas, BAP Conde e Congo Producciones.

Apoio da Deputación

A campaña publicitaria que se emitiu na capital española foi posible, gracias ó convenio de colaboración asinado entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Consello Regulador da D.O.. Un apoio anunciado xa na presentación do viño elexido para o banquete nupcial de SS.AA.RR os Príncipes de Asturias.

En virtud do convenio a Deputación aportou 300.000 euros como axuda ó financiamento da campaña.

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Imaxe Nova de Comunicación. r/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO